

PIA 033 - TAA 012



**DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL FORMULADA POLA SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL, EN DATA DE 22 DE NOVEMBRO DE 2011, RELATIVA Á CONCENTRACIÓN PARCELARIA NAS PARROQUIAS DE SANTA COLUMBA E SAN MAMEDE, NO CONCELLO DE CARNOTA (A CORUÑA), PROMOVIDA POLA DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL (CLAVE: 2008/0111).**

**ANTECEDENTES**

Por solicitude dos veciños das parroquias de Santa Columba e San Mamede en Carnota - A Coruña, a Dirección Xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias (*actualmente Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural*) iniciou o proceso de concentración parcelaria nas devanditas parroquias. A superficie a concentrar é de 1.102 hectáreas.

A zona de concentración limita:

- Norte: Termo municipal de Dumbría
- Sur: Parroquias de Lira e Lariño (Carnota)
- Leste: Termos municipais de Mazaricos e Muros
- Oeste: Océano Atlántico

O proxecto cualificouse como sometido ó procedemento de Avaliación de Impacto Ambiental, ó estar incluído no anexo I do Real Decreto Legislativo 1/2008, de 11 de xaneiro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Avaliación de Impacto Ambiental de Proxectos (BOE nº 23, do 26 de xaneiro de 2008). No anexo I atópanse, no grupo 9.c.9, as concentracións parcelarias cando se desenvolvan en zonas especialmente sensibles, designadas en aplicación das Directivas 79/409/CEE e 92/43/CEE, ou en humedais incluídos na lista do Convenio de Ramsar.

Unha parte importante da zona que se pretende concentrar (segundo o estudo ambiental, aquela que agruparía a maior parte dos terreos agrícolas das parroquias solicitantes da concentración) atópase dentro dos límites do espazo natural "Carnota-Monte Pindo", incluído na lista de Lugares de Importancia Comunitaria (LIC) aprobada pola Decisión da Comisión do 7 de decembro de 2004 e declarado Zona de Especial Protección dos Valores Naturais (ZEPVN) polo Decreto 72/2004, do 2 de abril.

En cumprimento do establecido regulamentariamente, con data de 3 de xuño de 2010 publícase no DOG (nº 104) a Resolución do 7 de maio de 2010, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural, pola que se somete a información pública o Estudo de Impacto Ambiental da Zona da concentración parcelaria de Santa Columba e San Mamede (Carnota - A Coruña), sen que conste que nese período foran presentadas alegacións.

Con data de 15 de novembro de 2011 complétase o expediente ambiental, no que se inclúe o certificado de exposición pública, e os seguintes informes, dos distintos organismos consultados:

ORGANISMO CONSULTADO	RECIBIDO	NON RECIBIDO
Dirección Xeral de Montes	x	
Dirección Xeral de Conservación da Natureza	x	
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural	x	
Augas de Galicia	x	
Concello de Carnota		x

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DA Z.C.P. DE SANTA COLUMBA E SAN MAMEDE  
PROMOTOR: DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL.  
LOCALIZACIÓN: CONCELLO DE CARNOTA (A CORUÑA)  
CLAVE: 2008/0111

Santiago

Accto: Mercedes Paz Noya



Cumprimentada a tramitación, a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, no exercicio das competencias que lle concede o Decreto 316/2009, do 4 de xuño, formula a Declaración de Impacto Ambiental do Estudo de Impacto Ambiental da Zona de Concentración Parcelaria de Santa Columba e San Mamede, sita no Concello de Carnota (A Coruña), promovida pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural.

## DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL

### 1.-ÁMBITO DA DECLARACIÓN

A presente Declaración de Impacto Ambiental refírese ó Proxecto da Zona de Concentración Parcelaria de Santa Columba e San Mamede, tal e como se describe no documento Estudo de Impacto Ambiental da Zona de Concentración Parcelaria de Santa Columba e San Mamede, sita no (Concello de Carnota. A Coruña).

A zona de estudo está delimitada e definida nos Planos nº 7, 7.1 e 7.2 do Estudo de Impacto Ambiental, denominados respectivamente: Hábitats, Espazos Protexidos e Humidais.

### 2.-DECLARACIÓN DE INVIABILIDAD AMBIENTAL

Examinada a documentación que constitúe o expediente e tendo en consideración os seguintes feitos, esta Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental considera que o desenvolvemento do Proxecto de Concentración Parcelaria de Santa Columba e San Mamede (Carnota), é **ambientalmente inviable**, dado que o seu desenvolvemento suporá alto risco para o mantemento dos valores ambientais naturais polos que o espazo natural protexido denominado "Carnota – Monte Pindo" (Cód: ES1110008) foi protexido, e polo tanto, ocasionará prexuízos a súa integridade; o que e suporía un incumprimento do establecido nos artigos 6.3 e 6.4 da Directiva 92/43/CEE; segundo se xustifica de seguido:

1. Aproximadamente o 40 % da superficie integrada no Proxecto de Concentración Parcelaria de Santa Columba e San Mamede (Carnota), desenvólvese sobre terreos incluídos no espazo natural protexido denominado "Carnota – Monte Pindo" (Cód: ES1110008) incluído na rede "Natura 2000" por estar declarado Lugar de Importancia Comunitaria (LIC) en base á Decisión 2004/813/CE da Comisión de 7 de decembro de 2004 pola que se aproba, de conformidade coa Directiva 92/43/CEE do Consello, a lista de lugares de importancia comunitaria da rexión biogeográfica atlántica. A citada lista encóntrase actualizada mediante a Decisión 2009/96/CE de 12 de decembro de 2008.
2. Considerando que, ademais do anterior, este espazo ostenta outras figuras de protección como Zona de Especial Protección dos Valores Naturais declarada mediante o Decreto 72/2004, do 2 de abril, da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (na actualidade Consellería do Medio Rural).
3. Considerando que dentro de dito espazo natural protexido, quedan englobadas a maior parte dos terreos agrícolas das parroquias solicitantes da concentración.
4. Considerando que, segundo informa órgano competente na xestión de dito espazo natural, a Dirección Xeral de Conservación da Natureza, as actuacións proxectadas suporán un alto risco para o mantemento dos valores ambientais naturais polos que o espazo foi protexido, así como dá súa integridade, dado que:
  - O proxecto afectaría a unha parte destacable do antedito espazo natural, cifrada en aproximadamente un 9,25 % da súa superficie.

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DA Z.C.P. DE SANTA COLUMBA E SAN MAMEDE  
PROMOTOR: DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL.  
LOCALIZACIÓN: CONCELLO DE CARNOTA (A CORUÑA)  
CLAVE: 2008/0111

Asunto: Medio Ambiente e A. Natura



- Trátase dun espazo conformado por hábitats vencellados a medios lacustres, fluviais, marítimos e intermareais, sumamente fráxiles as intervencións que afecten a súa dinámica e composición físico – química e biolóxica.
- Así mesmo, trátase dun sistema moi ligado á dinámica fluvial externa ó espazo e que previamente transcorre polas zonas onde tamén se pretende acometer a concentración.
- No ámbito do espazo natural afectado consta a presenza dos seguintes hábitats naturais de interese comunitario, que se verían afectados polo proxecto:
  - Hábitat de Interese Comunitario e Carácter Non Prioritario codificado como 1130 e denominado Esteiros.
  - Hábitat de Interese Comunitario e Carácter Non Prioritario codificado como 1140 e denominado Chairas lamacentas ou areosas non cubertas pola auga en baixamar.
  - Hábitat de Interese Comunitario e Carácter Prioritario codificado como 1150\* e denominado Lagoas costeiras
  - Hábitat de Interese Comunitario e Carácter Non Prioritario codificado como 1210 e denominado Vexetación anual sobre argazos
  - Hábitat de Interese Comunitario e Carácter Non Prioritario codificado como 1310 e denominado Vexetación anual pioneira con *Salicornia* e outras especies de zonas lamacentas ou areosas.
  - Hábitat de Interese Comunitario e Carácter Non Prioritario codificado como 1320 e denominado Pasteiros con *Spartina*
  - Hábitat de Interese Comunitario e Carácter Non Prioritario codificado como 1330 e denominado Pasteiros salinos atlánticos (*Glauco-Puccinellietalia maritimae*)
  - Hábitat de Interese Comunitario e Carácter Non Prioritario codificado como 1420 e denominado Mato halófilo mediterráneo e termoatlántico (*Sarcocornetea fruticosae*)
  - Hábitat de Interese Comunitario e Carácter Non Prioritario codificado como 2110 e denominado Dunas móbiles embrionarias
  - Hábitat de Interese Comunitario e Carácter Non Prioritario codificado como 2120 e denominado Dunas móbiles de litoral con *Ammophila arenaria* (dunas brancas).
  - Hábitat de Interese Comunitario e Carácter Prioritario codificado como 2130\* e denominado Dunas costeiras fixas con vexetación herbácea (dunas grises).
  - Hábitat de Interese Comunitario e Carácter Non Prioritario codificado como 2230 e denominado Dunas con céspedes de *Malcomietalia*
  - Hábitat de Interese Comunitario e Carácter Non Prioritario codificado como 3130 e denominado Augas oligotróficas ou mesotróficas.



- Hábitat de Interese Comunitario e Carácter Prioritario codificado como 3170\* e denominado Estanques temporais mediterráneos.
- Hábitat de Interese Comunitario e Carácter Non Prioritario codificado como 4030 e denominado Uceiras Secas Europeas.
- Hábitat de Interese Comunitario e Carácter Non Prioritario codificado como 4090 e denominado Uceiras oromediterráneas endémicas con toxo.
- Hábitat de Interese Comunitario e Carácter Prioritario codificado como 6220\* e denominado Pseudoestepas de gramíneas anuais da orde *Thero-Brachypodietea*
- Hábitat de Interese Comunitario e Carácter Prioritario codificado como 6230\* e denominado Formacións herbáceas con *Nardus*.
- Hábitat de Interese Comunitario e Carácter Non Prioritario codificado como 6410 e denominado Prados con *Molinia*
- Hábitat de Interese Comunitario e Carácter Non Prioritario codificado como 6430 e denominado Megaforbios eutrofos hidrófilos das orlas das chairas.
- Hábitat de Interese Comunitario e Carácter Non Prioritario codificado como 6510 e denominado Prados de sega de baixa altitude.
- Hábitat de Interese Comunitario e Carácter Prioritario codificado como 7130\* e denominado Turbeiras de cobertor
- Hábitat de Interese Comunitario e Carácter Non Prioritario codificado como 8230 e denominado Rochedos silíceos con vexetación pioneira.
- Hábitat de Interese Comunitario e Carácter Prioritario codificado como 91E0\* e denominado Bosques Aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (*Alno - Padion, Alnion incanae, Salicion albae*).
- Así mesmo, consta a presenza dos seguintes humedais incluídos no inventario de humedais de Galicia, ós que se asocian parte dos hábitats anteditos e que tamén se verían afectados polo proxecto:
  - Humidais de "Lagoa de Caldebarcos", "Marismas de Caldebarcos", "A Lagoa" e "Os Arnales", incluídos no Inventario de Humidais de Galicia.
- Tamén se sinala a presenza das seguintes especies da flora incluídas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas, que poderían ser afectadas polo proxecto:
  - En Perigo de Extinción: *Eryngium duriaei* subsp. *juresianum*, *Iris boissieri*, *Limonium dodartii*, *Eleocharis parvula*, *Linaria aguillonensis*, *Linaria arenaria*, *Petalonia zosterifolia* e *Scirpus pungens*.
  - Vulnerables: *Dryopteris guanchica*, *Hymenophyllum tunbrigense*, *Linkagrostis juressi*, *Ranunculus bupleuroides*, *Sphagnum pylaessi*, *Alyssum loiseleurii* e *Arabis juressi*.
- Trátase tamén dun ámbito onde se atopan as áreas de reprodución das seguintes



especies, áreas cuxa viabilidade podería verse comprometida polo desenvolvemento do proxecto: Becacina (*Gallinago gallinago*), Cerceta real (*Anas crecca*), Arcea común (*Scolopax rusticola*), Avefría europea (*Vanellus vanellus*), Arao dos cons (*Uria algae*), Gabita eurasiática (*Hameatopus ostralegus*) e Mazarico curlí (*Numenius arquata*).

5. Ademais e segundo informa Augas de Galicia, o proxecto afectaría tamén a Zonas Protexidas incluídas no Borrador do novo Plan Hidrolóxico Galicia-Costa, como as seguintes:

- Zonas designadas para a captación de auga para consumo humano (Valeiroa, Ladron, Mailou)
- Masas de auga de uso recreativo, incluídas augas de baño (Praia Mar de Lira, Praia de San Mamede)
- Zonas de Protección especial (Marismas de Caldebarcos – Praia de Carnota).

Por iso, analizada a información dispoñible no expediente, das que se derivan as anteriores consideracións, esta Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental considera que non debe procederse ó desenvolvemento do Proxecto de Concentración Parcelaria de Santa Columba e San Mamede (Carnota), dado que iso poría en risco o mantemento dos valores ambientais e integridade do espazo natural protexido denominado "Carnota – Monte Pindo" (Cód: ES1110008).

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2011

O Secretario Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental



Justo de Benito Basanta

Astoria, Mercado de P. Lira